

NORMAS

- O Concurso de Fotografía PANIC é unha iniciativa impulsada pola Concellería de Cultura do Concello da Estrada (Pontevedra) e a Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada dentro das actividades programadas para o Festival de cine de Terror PANIC A ESTRADA.
- As fotografías presentadas deberán ser exclusivamente do **xénero de terror ou misterio**. As fotografías que o xurado considere que non pertencen ás ditas temáticas non serán admitidas a concurso.
- Cada participante poderá participar cun máximo de tres (3) fotografías.
- Cada fotografía deberá levar asignado un título ou lenda que a identifique redactado en lingua galega.

- Os/as fotógrafos/as participantes que utilicen nas súas obras a outras persoas menores de idade como modelos, deberán ter a disposición do xurado as autorizacións de imaxe para a súa exhibición e reprodución no ámbito do concurso. A organización do concurso PANIC declina calquera responsabilidade con respecto a dereitos de imaxe correspondentes ás fotografías presentadas, a dita responsabilidade recae exclusivamente na persoa que se presenta no concurso como autor da obra.
- O criterio do xurado valorará máis a creatividade e orixinalidade da fotografía presentada que a súa calidade técnica.

PARTICIPANTES

- O concurso de Fotografía de Terror PANIC está dividido en dúas modalidades. Unha primeira dirixida aos alumnos dos IES da Estrada e comarca; e outra dirixida a persons maiores de 18 anos.

DEREITOS DE AUTOR

- A propiedade intelectual das obras presentadas será sempre do propio autor.
- A organización resérvase o dereito de distribución e publicación das imaxes na web do Festival www.panic.aestrada.gal, ou nun medio físico para os efectos de promoción o exposición.
- O participante responsabilizarase de posuír a propiedade intelectual das obras presentadas. Calquera reclamación formulada sobre a fotografía a concurso recaerá na persoa que se presente como autor desta.

XURADO

- O xurado do Concurso de Fotografía de Terror PANIC estará formado por tres membros. Dous deles recoñecidos fotógrafos pertencentes á FOG (Asociación Galega de Fotografía) e un terceiro pertencente á Organización do Festival PANIC.
- A decisión do xurado será inapelable.
- A participación neste concurso implica a aceptación da totalidade das súas bases.

INSCRICIÓN

- As fotografías enviaranse en formato .JPG ao enderezo de correo electrónico da organización: **concursofotopanic@gmail.com**, e deberán ir acompañadas dos seguintes datos: **Nome do autor, categoría (ata 18 anos / +18 anos), título da fotografía, teléfono de contacto**.
- As fotografías non deberán presentar nomes nin marca de auga que poida identificar o autor.
- Calquera fotografía que o xurado considere que non cumpre as normas destas bases quedará descartada.
- O prazo de inscrición e presentación de fotografías finalizará o 28 de xaneiro de 2022.
- As fotografías finalistas serán visionadas en pantalla grande durante a Gala final que terá lugar o 5 de febreiro ás 23.30 h en Minicines Central, gala na que se lle entregará o premio á fotografía gañadora en cada modalidade.
- O premio para a categoría dos IES terá unha contía de **150,00€** en vales de compra; 100,00€ para o gañador e 50,00€ a modo de accésit para o segundo clasificado. Estes dous premios serán doados pola ACOE. O premio para a categoría de maiores de 18 anos será dun importe de **200,00€**.

